



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Construcións Tradicionais Galegas	Código	670001331	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións Arquitectónicas			
Coordinación	Medin Guyatt, Roberto Antonio	Correo electrónico	roberto.medin@udc.es	
Profesorado	Medin Guyatt, Roberto Antonio	Correo electrónico	roberto.medin@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer os materiais, tecnoloxías, equipos, sistemas e procesos construtivos propios da edificación en xeral e en particular aqueles específicos de Galicia.	A3	
Coñecer as técnicas e procesos de restauración, rehabilitación, acondicionamento, patoloxía, mantemento e conservación dos edificios en xeral e en particular aqueles específicos do patrimonio cultural constituído pola arquitectura popular e histórica galega.	A4	
Coñecer a evolución histórica dos materiais, tecnoloxías, procedementos, métodos, sistemas e elementos construtivos.	A5	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. INTRODUCCIÓN.	<p>Tema. 1.- Introducción. Conceptos básicos. Bibliografía básica. Sinais de identidade das construcións tradicionais. As construcións tradicionais galegas como parte integrante da cultura popular en Galicia.</p> <p>Tema. 2.- Condicionamentos das construcións tradicionais. A tecnoloxía e os materiais. O clima, o marco socio-cultural e o económico.</p> <p>Tema. 3.- O medio físico. Xeoloxía (as rochas), Topografía (formas e relevos principais do terreo, orientación), Solos (textura), Hidroloxía (correntes fluviais), Clima. O medio humano. A poboación.</p>
2. ORDENACION DO TERRITORIO.	<p>Tema. 4.- Organización do espazo. Transformación do territorio pola acción do home. Os asentamentos. Tipos de asentamentos (Niemayer, Bohuier, Fariña Toxo). A aldea, o lugar, a parroquia, os municipios, a comarca. As cidades.</p> <p>Tema. 5.- A paisaxe agrícola. Formas de organización dos terreos de cultivos (socalcos, campos pechados, agras, campos abertos). Deslinde de fincas (sebes vivas, cómaros, valos de pedra). Rede viaria.</p> <p>Tema. 6.- O hábitat. Concentración e dispersión. A distribución da poboación. Os asentamentos rurais.</p>



<p>3. A CONSTRUCCION E OS SEUS ELEMENTOS.</p>	<p>Tema. 7.- Os materiais. A pedra: os xistos, pizarra, gneis e o granito. A madeira: o carballo e o castaño. Zonas de utilización. Outros materiais.</p> <p>Tema. 8.- As cubertas. Estructura sustentante da madeira. Materiais de cubrición: vexetais, pedra, tella. Outros elementos definitorios da cuberta: aleiros, capiado, remates de pedra ou cerámica, chimeneas. Volumetría.</p> <p>Tema. 9.- Os cimentos. Os muros. Aparellos: de cachotes, de cantería, de perpiaño. O pallabarro. Os vanos: portas, fiestras e bufarros. Revestimentos. Decoración. Ferraxes. Espacios exteriores da vivenda. As escaleiras. O patín, o corredor e a solaina.</p> <p>Tema. 10.- A distribución interior. A vivenda de planta rectangular terrea e os seus espacios. A vivenda de dúas plantas con acceso exterior e interior e os seus espacios. O sobrado: a súa orixe. A lareira. O forno. As cortes, a sala e os dormitorios. Outras dependencias.</p> <p>Tema. 11.- Evolución histórica das construcións tradicionais. As vivendas dos castros, as "villas" romanas, a vivenda de planta rectangular, a casa-vivenda no Idade Media e na Idade Moderna. A vivenda nos séculos XIX e XX.</p>
<p>4. MORFOLOXIA DA VIVENDA.</p>	<p>Tema. 12.- A casa. Concepto de casa no medio rural galego. A casa-vivenda. Funcións: centro de explotación agraria-unidade de produción. Tipoloxías da casa. As construcións adxectivas ou complementarias.</p> <p>Tema. 13.- A casa redonda: a palloza. Area primitiva e actual de extensión. Orixes. Tipoloxías. Elementos constructivos. Forma e tamaño. Dependencias. Estado actual. A casa-vivenda da montaña. Area de extensión. tipos: de planta terrea e de dous andares. Características constructivas, funcionais e espaciais.</p> <p>Tema. 14.- A casa-vivenda da Terra Cha. Zona de emprazamento. tipos. Características constructivas, funcionais e espaciais. A casa-vivenda das "agras". Comarcas en que se sitúa. Tipos. Características constructivas, funcionais e espaciais.</p> <p>Tema. 15.- A casa-vivenda da zona meridional. Ámbito xeográfico que abrangue. Tipos. Características constructivas, funcionais e espaciais. A casa-vivenda do litoral. Zonas nas que se asenta. Tipos: "casa do pincho", casa con patín e casa con soportais. Características constructivas, funcionais e espaciais.</p> <p>Tema. 16.- Casas tradicionais que se apartan do concepto de populares: a casa grande e os pazos.</p>



5. AS CONSTRUCCIONS ADXECTIVAS.	<p>Tema. 17.- Construccions adxectivas de almacenamento. O hórreo: orixe, distintas denominacións. Elementos constructivos: soleira, soportes (pes, cepas, celeiro), tornarratos, cámara e cuberta. Elementos decorativos. Tipoloxías segundo Ignacio Martínez (por características morfolóxicas e por distribución xeográfica). Agrupacións de hórreos. Situación actual. O palleiro e os alpendres.</p> <p>Tema. 18.- Construccions adxectivas de transformación. Os muíños (orixe e emprazamento). Características constructivas e espaciais. Funcionamento. Tipoloxías atendendo á forza motriz: de auga (de río e de mare) e de vento. Situación actual. Os fornos e a eira.</p> <p>Tema. 19.- Outras construccions adxectivas: as adegas, para transformación e almacenamento de viño, as cortes e cortellos, os curros, pombais, alvarizas e outras, para habitación de animais, as fontes e pozos, para suministro de auga. Outras construccions adxectivas.</p>
6. O ARQUITECTO TECNICO E AS CONSTRUCCIONS TRADICIONAIS.	Tema. 20.- O Arquitecto Técnico diante das construccions tradicionais. Crise e cambio na Galicia rural. Sensibilización actual cara as construccions dese medio. A rehabilitación, e a restauración. Lexislación e estímulos oficiais na actualidade.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	25	25	50
Recensión bibliográfica	20	20	40
Traballos tutelados	30	30	60
Atención personalizada	0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A transmisión de saberes constitúe a actividade fundamental e imprescindible para o mantemento dunha cultura e do grupo social que a fundamenta. Esta transmisión se efectúa dos individuos mas adestrados aos menos, mediante un complexo proceso que no seu conxunto recibe o nome de Educación. A educación debe ter como resultado a modificación do comportamento do educando, adquirindo a ideoloxía, os coñecementos e as técnicas mas idóneas para favorecer a supervivencia, como tal, do grupo social ao que pertence.
Recensión bibliográfica	o obxectivo xeral da asignatura será a obtención dun coñecemento teórico das construccions populares de Galicia, estudando o territorio, os materiais, os oficios, as técnicas e as diversas tipoloxías constructivas que integran as casas: a casa-vivenda e as construccions adxectivas. O obxecto que se persegue é sensibilizar aos futuros arquitectos técnicos cara un rico patrimonio cultural de posíbel adecuación, en grande parte dos casos, ás exigencias habitacionais ou educativo-culturais de hoxe mediante as restauracións e rehabilitacións pertinentes.
Traballos tutelados	Presentación de traballos realizados por o alumno

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Tutorías do Profesor no horario aprobado e publicado ao respecto.
Recensión bibliográfica	Os alumnos que realicen de forma individual, presenten satisfatoriamente e aproben as practicas propostas en clase superarán a asignatura coa nota media que corresponda da súa corrección, segundo o cumprimento dos seguintes criterios:
Traballos tutelados	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Controlo de asistencia e seguimento presencial das clases. Será imprescindible a asistencia mínimo do 75% ás clases presenciais.</li> <li>- Participación, realización e discusión de exemplos e prácticas de clase.</li> <li>- Presentación de traballos propostos, coa e obtención de aprobado.</li> </ul> <p>Prevé-se a realización dun exame final para os alumnos que non superen por curso a asignatura, ou para os que queiran elevar a nota.</p> <p>É condición necesaria ter realizadas, entregadas e aprobadas as prácticas que correspondan para poder presentar-se ao exame.</p> <p>O profesor estará a disposición dos alumnos nos horarios de tutorías designados ao respecto para calquera consulta, tutoría ou axuda que poda necesitar o alumnado.</p> <p>Revisión de exame durante a semana posterior á entrega de calificacións, para aqueles alumnos que o soliciten.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	Sobre lecturas propostas	30
Recensión bibliográfica	Sobre a bibliografía básica	30
Traballos tutelados	Realización de traballos de campo	40
Outros		

Observacións avaliación

Fontes de información	
<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- LLANO CABADO, Pedro de (1996). Arquitectura popular en Galicia Razón e construción. Santiago</li> <li>- CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel (2003). As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Santiago</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- TORRES BÚA, Manuel (2007). A arquitectura en Galiza. Aproximación á realidade arquitectónica xeral da Galiza dende a Prehistoria ata os nosos días. V igo</li> <li>- BAS LÓPEZ, Begoña (1984). As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia?, en Cuaderno do Seminario de Sargadelos, nº 44. Sada (A Coruña)</li> <li>- CÓIAS, Vítor (2007). Reabilitação Estrutural de Edifícios Antigos. Ed. Argumentum-GECORPA (Grémio das Empresas de Conservação e Restauro do Património Arquitectónico . Lisboa</li> </ul>

Recomendacións



## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materials de Construción I/670001116  
Debuxo Arquitectónico/670001114  
Construción I/670001117  
Materials de Construción II e Ensaíos/670001211  
Estruturas Arquitectónicas I e II/670001212  
Construción II e III/670001213  
Debuxo de Detalles Arquitectónicos/670001215  
Construción IV e V/670001311

## Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Construción IV e V/670001311  
Historia da Construción/670001318  
Restauración e Reutilización de Edificios/670001329  
Patoloxía da Construcción/670001332

## Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías